

## PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO (GRUPO IV) DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

### Exame e respostas.

---

#### Parte primeira

Lea atentamente os textos a) e b) que se transcriben a seguir e mais os respectivos enunciados da opción múltipla. Indique en cada caso cal é a opción correcta.

**Nota importante:** as respostas deben basearse unicamente na información contida no texto.

#### Texto a)

##### A ALIMENTACIÓN DOS NOSOS MAIORES

Para descubrir cales son os hábitos de alimentación dos nosos maiores realizouse un estudo cun total de 1200 entrevistas a persoas entre 65 e 90 anos. Quen son? En canto ao sexo, o 54 % son mulleres e o 46 % restante son homes. O grupo de idade máis numeroso é o de 65 a 69 anos (supoñen un 40 %), mentres que un 30 % ten de 70 a 74 anos e de 75 a 80 anos. Polo que toca á convivencia, o 53 % dos maiores consultados vive exclusivamente coa súa parella, un 26 % forma un fogar unipersoal e só o 21 % convive cos fillos ou cos netos. En canto ao nivel de renda, o 52 % dispón duns ingresos mensuais situados por debaixo dos 1000 euros, o 33 % restante sitúase na banda dos 1000 a 1500 euros, e só o 15 % restante ingresa máis de 1501 euros. Por último, e respecto á saúde, o 54 % valora o seu estado de saúde como bo ou moi bo, aínda que o 38 % di que sofre achaques propios da idade que, con todo, non o invalida para levar unha vida normal.

Debido aos cambios na composición corporal e ao descenso xeral da actividade física, as persoas maiores deben tomar un menor número de calorías e tamén asegurar unha achega adecuada de proteínas de calidade para compensar a perda de masa muscular. Nas comidas principais (almorzo, xantar e cea) han de estar presentes alimentos enerxéticos coma o pan, o arroz, a pasta, as patacas e os legumes, así como os alimentos ricos en proteínas de maior

calidade, que son os de orixe animal (carnes, peixes, ovos e derivados). Nas carnes, é preferible o corte máis magro e sempre cociñado de maneira sinxela, como á prancha, ao forno, no microondas, á grella ou estufado con pouco aceite. Entre horas, é aconsellable elixir froitas e lácteos sinxelos que axudan a equilibrar o menú diario coa súa achega de fibra, vitaminas, minerais e substancias antioxidantes. Tampouco se debe esquecer a auga. Convén consumir de seis a oito vasos ao día, sempre en función da época do ano e do exercicio que se realice.

Na enquisa, o 95 % das persoas maiores de 65 anos consultadas asegura que come pan e cereais diariamente e o 91 % tamén toma leite. Ademais, o 85 % incorpora froita á súa dieta diaria. No caso das verduras, das hortalizas e dos tubérculos, só o 57 % manifesta consumilos todos os días e o 29 % realiza tres ou catro tomas semanais. Os legumes adoitan tomarlos unha ou dúas veces por semana, tal e como indica o 79 % dos consultados. Pola súa banda, as carnes e os seus derivados e o peixe ou o marisco cómense preferentemente unha ou dúas veces por semana, como sinala o 61 % e o 55 %, respectivamente. Así mesmo, os ovos consómense na súa maioría entre unha e dúas veces á semana.

Por último, os produtos precociñados ou preparados non lles interesan. De feito, o 74 % asegura que non os toma. Tampouco os aperitivos ou os azucres e a bolaría industrial forman parte da súa cesta da compra. O 86 % nunca os consome ou faino esporadicamente. Porén, si lle interesan os produtos baixos en sal (adquíreos o 25 % de quen complementa a súa dieta) e os baixos en graxas (o 23 %). Ademais, hai outro tipo de artigos que teñen relevancia para estes consumidores: os produtos enriquecidos con calcio, con omega-3, os que axudan a combater o colesterol e os que melloran as defensas. En definitiva, unha boa alimentación pode mellorar a vida dos nosos maiores e axudalos a gozar máis da súa vellez.

### **Bloque primeiro: comprensión**

#### **1.- Algo máis da metade das persoas entrevistadas vive...**

- a) cos fillos.
- b) cos netos.
- c) coa parella.
- d) soa.

#### **2.- Respecto da saúde das persoas entrevistadas, algo máis da metade delas afirma que...**

- a) sofre achaques.
- b) é boa ou moi boa.
- c) está inválida.
- d) padece artrose.

#### **3.- Con relación á alimentación, cómpre que as persoas maiores...**

- a) eviten os alimentos enerxéticos como as patacas e os legumes
- b) eludan os alimentos ricos en proteínas de maior calidade
- c) elixan os cortes de carne con lardo
- d) cocíñen as carnes de forma sinxela

#### **4.- Os lácteos...**

- a) achegan minerais e substancias antioxidantes que axudan a equilibrar o menú.
- b) non se deben consumir porque desequilibran a dieta.
- c) téñense que beber entre seis e oito vasos ao día.
- d) é mellor esquecelos.

#### **5.- Máis do 90 % das persoas maiores de 65 anos que participaron no estudo...**

- a) incorpora froita á súa dieta diaria.
- b) come tubérculos todos os días.
- c) come pan e cereais diariamente e tamén toma leite.
- d) consome legumes cada día.

#### **6.- Respecto dos tubérculos, as hortalizas e as verduras, máis do 50 % das persoas que participaron no estudo afirmaron...**

- a) non consumilos nunca.
- b) tomalos eventualmente.
- c) realizar tres ou catro tomas semanais.
- d) consumilos todos os días.

#### **7.- Con relación aos ovos, a maioría das persoas maiores...**

- a) tómanos como parte da súa dieta de cada día.
- b) consómenos entre unha e dúas veces á semana.
- c) prefiren evitalos.
- d) considéranos daniños.

#### **8.- Aos nosos maiores, os produtos precociñados ou preparados...**

- a) resúltanlles unha opción nutritiva interesante.

- b) chístanlles e, de feito, forman parte da súa cesta da compra.
- c) atráenos, de xeito que os consomen decote.
- d) non lles interesan e, de feito, pouco máis dun terzo os consomen.

**9.- Para as persoas enquisadas, a bolaría industrial e os aperitivos...**

- a) son unha opción maioritaria de compra.
- b) resultan un nutriente básico.
- c) son considerados unha alternativa nutricional como calquera outra.
- d) non forman parte da súa cesta da compra.

**10.- Segundo o estudo, hai ademais uns artigos que teñen relevancia para as persoas maiores...**

- a) os froitos secos.
- b) os produtos que axudan a combater o colesterol.
- c) os confeitos feitos con mel.
- d) os embutidos, especialmente os adobados con pemento, allo e sal.

**Bloque segundo: elixa a palabra correcta que se corresponda coas seguintes cinco definicións:**

**11.- 'Cousa ou cantidade da que unha persoa se ve privado'.**

- a) Lucro
- b) Sono
- c) Perda
- d) Proveito

**12.- 'Primeira comida do día, que se fai polas mañás'.**

- a) Almorzo
- b) Taco
- c) Merenda
- d) Xantar

**13.- 'Comida que se fai ao mediodía'.**

- a) Almorzo
- b) Taco
- c) Cea
- d) Xantar

**14.- 'Obxecto formado por unha serie de barras de ferro paralelas nas que se pon carne ou peixe para asar sobre as brasas'.**

- a) Grella
- b) Barbacá
- c) Fiestra
- d) Seta

**15.- 'Pregunta ou conxunto de preguntas que se fan a un número determinado de persoas para coñecer a opinión xeral sobre un asunto ou para ter datos sobre algún fenómeno'.**

- a) Exploración
- b) Enquisa
- c) Colonización
- d) Cala

**Texto b)**

### **COGOMELOS, UNS AO PRATO, OUTROS NIN VELOS**

A partir da época do outono, cada ano máis persoas buscan, recollen, cociñan e comen cogomelos silvestres. Esta afección crecente está a aumentar o risco de que alguén apañe, cociñe e coma cogomelos tóxicos, ben por descoñecer ou desprezar as graves consecuencias dunha intoxicación, ben pola falta de experiencia para distinguir con toda seguridade os cogomelos comestibles daqueles que non o son ou ben por confiar en falsas probas de que son comestibles.

Cómpre coñecer que existen especies de cogomelos comestibles moi apreciadas na gastronomía, pero tamén que existen especies tóxicas ou moi tóxicas, mesmo con capacidade para provocar a morte. Polo tanto, distinguir os cogomelos antes de comelos é fundamental.

#### Como podemos recoñecer os síntomas dunha intoxicación?

Cómpre saber que as intoxicacións por cogomelos son moi variadas, pero pódese falar de dous grupos ben distintos:

- Aquelas que comezan nun tempo relativamente curto, entre 3 ou 4 horas despois de comelos. Nestas o máis característico son os síntomas dixestivos, náuseas, vómitos, diarrea e dor de barriga, xunto con alteracións nerviosas máis ou menos intensas, sensación de mareo, confusión, alteracións visuais, cambras etc. En xeral, adoitan ser de escasa gravidade e moi poucas veces poñen en perigo a vida das persoas intoxicadas.
- As que comezan logo de 8 ou 10 horas, ou mesmo días, despois de comelos. Neste caso, ademais dalgúns síntomas semellantes aos de comezo rápido, poden provocar graves doenzas hepáticas e renais, cunha grande afectación do estado xeral da persoa intoxicada, e mesmo a morte.

#### Como podemos previr as intoxicacións?

- Ser moi conscientes de que existen especies que poden causar a morte.
- Se ten dúbidas sobre se os cogomelos son comestibles, non os recolla, déixeos e, se xa os colleu, tíreos. Non se debe ter nunca un exceso de confianza á hora de distinguir unhas especies doutras.
- As persoas inexpertas deben apañar os cogomelos acompañados dunha que sexa experta ou consultar con algunha antes de consumilos.
- Non se fíe das persoas que se din "entendidas".
- Se "de toda a vida" só coñece un par de especies comestibles, recolla esas e rexeite todas as que non coñece.
- Non existe unha proba universal válida que permita diferenciar os cogomelos comestibles dos tóxicos.
- A única proba válida é a identificación botánica por parte dun experto e moitas veces esta identificación non só é visual.
- Non mesture no mesmo cesto especies comestibles con outras dubidosas ou tóxicas. Se recolle algunha especie para identificala na casa, hai que poñela nun recipiente á parte.
- Non recolla cogomelos despois dos días de grandes choivas, xa que a auga pode modificar as súas características e dificultar a súa identificación .
- Non os apañe preto de vertedoiros de lixo, áreas industriais e estradas, xa que acumulan os metais tóxicos do medio, como o mercurio, chumbo ou cadmio.

Ademais, para evitar indigestións, procure:

- Non empregar recipientes pechados ou bolsas plásticas para metelos: así evitará que fermenten.
- Non recoller exemplares moi vellos ou en mal estado.
- Consumilos o máis axiña posible despois da recolección.
- Consumilos cociñados.
- Non consumir grandes cantidades, xa que o seu alto contido en celulosa, en xeral, fainos indixestos.
- Garde un exemplar no frigorífico, xa que pode ser de utilidade para un diagnóstico médico no caso dunha intoxicación.

**Bloque primeiro: comprensión**

**16.- Os síntomas dunha intoxicación leve por cogomelos maniféstanse...**

- a) entre 3 ou 4 horas despois da súa inxestión
- b) inmediatamente despois de ser inxeridos
- c) varios minutos despois de comelos
- d) varios días despois de comelos

**17.- A intoxicación leve por cogomelos pode causar alteracións...**

- a) molares e óseas.
- b) cardíacas e mentais.
- c) hepáticas e renais.
- d) nerviosas e dixestivas.

**18.- As intoxicacións máis graves poden danar...**

- a) o corazón e os ósos
- b) o fígado e os riles
- c) o pulmón e o cerebro
- d) o corazón e os músculos

**19.- Para identificar cientificamente os cogomelos comestibles debería realizarse...**

- a) un exame integral por parte dunha persoa experta.
- b) unha análise ocular.
- c) unha comprobación táctil.
- d) unha degustación.

**20.- A auga da choiva...**

- a) axuda a eliminar substancias tóxicas dos cogomelos.
- b) pode cambiar os trazos máis característicos dos cogomelos.
- c) pode conter substancias daniñas para os cogomelos.
- d) axuda a incrementar o tamaño dos cogomelos.

**21.- Se atopa cogomelos preto dunha estrada ou área industrial debe...**

- a) consumilos só cociñados.
- b) limpalos ben antes de comelos.
- c) ter precaución cos vehículos que circulen pola zona.
- d) rexeitalos decontado.

**22.- Gardar os cogomelos nun recipiente pechado...**

- a) favorece a fermentación.
- b) impide a contaminación.
- c) imposibilita a putrefacción.
- d) favorece o seu aspecto exterior.

**23.- O ideal é consumir os cogomelos...**

- a) algúns días despois de apañalos.
- b) sen cociñar, crus.

- c) na semana seguinte de os apañar.
- d) axiña que os apañe.

**24.- Pola súa elevada porcentaxe en celulosa, os cogomelos comestibles poden...**

- a) dificultar a dixestión
- b) facilitar a dixestión.
- c) provocar descomposición.
- d) facilitar a eliminación de substancia graxa.

**25.- É aconsellable gardar un exemplar no frigorífico...**

- a) para acadar un sabor máis intenso.
- b) para a eliminación de bacterias e virus.
- c) xa que en caso de intoxicación pode ser útil para un diagnóstico médico.
- d) cando está previsto o seu consumo a longo prazo.

**Bloque segundo: elixa a palabra correcta que se corresponda coas seguintes cinco definicións:**

**26.- 'Utensilio de boca ancha e final estreito usado para verter líquidos en recipientes con burato estreito'.**

- a) Filtro
- b) Embude
- c) Esquíu
- d) Cinceiro

**27.- 'Fungo que ten un pé ou talo rematado nunha especie de sombreiro, do cal existen varias especies que poden ser comestibles ou non'.**

- a) Abadexo
- b) Cogomelo
- c) Capón
- d) Nabiza

**28.- 'Alteración máis ou menos grave das funcións do organismo'.**

- a) Dogma
- b) Doenza
- c) Ferrado
- d) Ceifa

**29.- 'Froito do carballo'.**

- e) Améndoa
- a) Landra
- b) Castaña
- c) Mazá



**30.- 'Caixa feita de arames, barras ou paus, para ter dentro animais, especialmente animais salvaxes e paxaros.'**

- a) Xeira
- b) Cachola
- c) Gaiola
- d) Velame

**Parte segunda**

**Elixa a forma correcta do verbo que vai entre parénteses nas seguintes seis frases:**

**31.- Vós ... (ir)... por aquí ou por aló?**

- a) vades
- b) ides
- c) vais
- d) vedes

**32.- Eu ... (vir)... ata aquí no tren das oito da mañá.**

- a) vinen
- b) viñen
- c) veñen
- d) vin

**33.- Non creo que el ...(conducir)... o coche por sitio tan estreito.**

- a) conduzca
- b) conduza
- c) condozca
- d) condoza

**34.- Xoán ...(traer)... do traballo moitas tarefas para facer na casa.**

- a) trouxo
- b) truxo
- c) trougue
- d) trougo

**35.- Se ti ...(caber)... por ese oco, sería un milagre.**

- a) cupeses
- b) cuveses
- c) coubeses
- d) couveses

**36.- Eu non ...(valer)... para ese tipo de traballos tan difíciles.**

- a) valgo
- b) vallo
- c) vaio

d) vayo

**Elixa a opción correcta**

**37.-**

- a) Fixo todo eso prá a galería, sen pensar en ser sincera coas persoas.
- b) Fixo todo iso para a galería, sin pensar en ser sinceira con as persoas.
- c) Fixo todo iso para a galería, sen pensar en ser sincera coas persoas.
- d) Fixo todo eso para á galería, sin pensar en ser sincera cas persoas.

**38.-**

- a) Hai unha árbore ao pé da casa que dá sombra.
- b) Hai un árbore ao pe da casa que dá sombra.
- c) Ai unha árbore á pé da casa que da sombra.
- d) Hay un árbore ao pé de casa que da sombra.

**39.-**

- a) Cara ao ano que ven mudan as perspetivas económicas.
- b) Cara o ano que vén mudan as perspetivas economicas.
- c) Cara ao ano que vén mudan as perspectivas económicas.
- d) Cara o ano que ven mudan as perspectivas económicas.

**40.-**

- a) Uxía conduxo camiós durante moitos anos e nunca tivo un accidente.
- b) Uxía conduciu camións durante moitos anos e nunca tivo un accidente.
- c) Uxía conduciu camiós perante moitos anos e nunca tuvo un accidente.
- d) Uxía conduxo camións durante moitos anos e nunca tuvo un accidente.

**41.-**

- a) Aquela zoa estaba abandonada e convertiuse nun terreno de probas pa coches.
- b) Aquela zoa estaba abandoada e converteuse en un terreo de probas para coches.
- c) Aquela zona estaba abandonada e converteuse nun terreo de probas para coches.
- d) Aquela zona estaba abandoada e converteuse nun terreno de probas pra coches.

**42.-**

- a) Acceder o área sen conflitos ca policía é unha aventura en si mesmo.
- b) Acceder a área sen conflitos ca policía é unha aventura en si mesmo.
- c) Acceder á área sen conflitos coa policía é unha aventura en si mesmo.
- d) Acceder ao area sen conflitos coa policía e unha aventura en sí mismo.

**43.-**

- a) Nos todos non cubemos no tren de tantos que éramos.
- b) Nós todos non coubemos no tren de tantos que eramos.
- c) Nós todos non coupemos en o tren de tantos que eramos.
- d) Nos todos non cupimos en o tren de tantos que éramos.

**44.-**

- a) Chegou, veu e venceu. Ese era seu xeito de facer o arte da guerra.
- b) Chegou, biu e benceu. Ese era o seu xeito de fazer a arte da guerra.

- c) Cheguou, veu e venceu. Ise hera o seu xeito de facer o arte da guerra.
- d) Chegou, viu e venceu. Ese era o seu xeito de facer a arte da guerra.

45.-

- a) As enfermidades neurolóxicas están á orde do día. A situación é un auténtico andazo.
- b) As enfermidades neurolóxicas están ao orde do día. A situación e un auténtico andazo.
- c) As enfermidades neurolóxicas están ao orde do día. A situación é un auténtico andazo.
- d) As enfermidades neuroloxicas están á orde do día. A situación e un auténtico andazo.

46.-

- a) Teño pasado moito por aí e tú nunca saudáchesme. Estate ben o conto!
- b) Teño pasado moito por ahí e ti nunca saudáchesme. Estache ben o conto!
- c) Teño pasado moito por ahi e tú nunca me saudaches. Estate ben o conto!
- d) Teño pasado moito por aí e ti nunca me saudaches. Estache ben o conto!

47.-

- a) Axiña querrán engadir un novo asunto na axenda. Espero que sea antes de mañá.
- b) Axiña quererán engadir un novo asunto na axenda. Espero que sexa antes de mañá.
- c) Axiña quererán añadir un novo asunto na axenda. Espero que sea antes de mañán.
- d) Axiña queirán engadir un novo asunto na axenda. Espero que sexa antes de mañán.

48.-

- a) Disque vamos xantar agora. Tal vez nos merezca a pena salir fóra da oficina.
- b) Disque imos a xantar agora. Tal vez nos mereza a pena salir fora da oficina.
- c) Disque imos xantar agora. Talvez nos pague a pena saír fóra da oficina.
- d) Disque vamos a xantar agora. Tal vez páguenos a pena saír fora da oficina.

49.-

- a) Collidas das maniñas, aquelas dous nenas andaron un treito de aquel camiño.
- b) Collidas das manciñas, aquelas dúas nenas andiveron un treito de aquel camiño.
- c) Coxidas de as maniñas, aquelas dous nenas andiveron un treito daquel camiño.
- d) Collidas das manciñas, aquelas dúas nenas andaron un treito daquel camiño.

50.-

- a) Aquel lugar era tan chairo que véas ao lonxe kilómetros i kilómetros.
- b) Aquel lugar era tan chairo que vías ao lonxe quilómetros e quilómetros.
- c) Aquel lugar era tan chairo que vías o lexos quilometros e quilometros.
- d) Aquel lugar era tan chairo que véas a lexos kilometros i kilometros.

51.-

- a) Cara a fin da década, van a diminuir o precio do bus urbán.
- b) Cara á fin da decada, van a disminuír o prezio do bus urbano.
- c) Cara ao fin da década, van diminuír o precio do bús urbán.

d) Cara á fin da década, van diminuír o prezo do bus urbano.

52.-

- a) O chegarmos a súa casa, saudounos un monstro increíble: seu canciño.
- b) Ao chegarmos á súa casa, saudounos un monstro increíble: o seu canciño.
- c) Ao chegarmos á súa casa, nos saudou un monstro increíble: o seu canciño.
- d) O chegarmos a súa casa, nos saudou un monstro increíble: o seu canciño.

53.-

- a) Aquela zoa estaba abandonada e convertiuse nun terreno de probas.
- b) Aquela zoa estaba abandoada e converteuse en un terreo de probas.
- c) Aquela zona estaba abandonada e converteuse nun terreo de probas.
- d) Aquela zona estaba abandoada e conberteuse nun terreno de probas.

54.-

- a) Gústante os caracois? Se é así, espero que sea unha afección pasaxeira.
- b) Che gustan os caracois? Se e así, espero que sexa unha afición pasaxeira.
- c) Gústanche os caracois? Se é así, espero que sexa unha afección pasaxeira.
- d) Gústanche os caracoles? Se e así, espero que sexa unha afición pasaxeira.

55.-

- a) Preto de alí abriu un bar moi concorrido. Gústanos moito para ir comer.
- b) Preto dalí abriu un bar mui concorrido. Gústanos moito para ir comer.
- c) Preto de alí abriu un bar moi concorrido. Nos gusta moito para ir a comer.
- d) Preto dalí abriu un bar moi concorrido. Nos gusta moito para ir comer.

56.-

- a) A rapaza cumpriu dezaseis anos onte e celebrou o aniversario.
- b) A rapaza cumpliu dazaseis anos onte e celebrou o cumpreanos.
- c) A rapaza cumpliu dezaseis anos ayer e celebróu o aniversario.
- d) A rapaza cumpriu dazaséis anos ayer e celebrou o cumpreanos.

57.-

- a) Chegou atraído polo paisaxe e foise maravillado pola luce.
- b) Chegou atraído pola paisaxe e se foi marabillado pola luz.
- c) Chegou atraído polo paisaxe e se foise maravillado pola luz.
- d) Chegou atraído pola paisaxe e foise marabillado pola luz.

58.-

- a) Antonio sofre cando os seus veciños non varren a solaina.
- b) Antonio sofre cando seus veciños non varren a solaina
- c) Antonio sobre cando seus veciños non barren a solaina.
- d) Antonio sofre cando os seus veciños non barren a solaina.

59.-

- a) Xa lles falei de ti e respondéronme que os foras visitar.
- b) Xa faleilles de ti e respondéronme que fóralos bisitar

- c) Xa lles falei de tí e me responderon que fóralos visitar.
- d) Xa faleilles de ti e me responderon que os fóras visitar.

**60.-**

- a) Ela fixo con a súa irmán unha torta de chocolate para levar á casa dos veciños.
- b) Éla fixo ca sua irmá unha tarta de chocolate para levar a casa dos veciños.
- c) Ela fixo coa súa irmá unha torta de chocolate para levar á casa dos veciños.
- d) Ela fixo con súa irmán unha tarta de chocolate para levar a casa de os veciños.

**PREGUNTAS DE RESERVA**

**61.- Elix a palabra que corresponda coa seguinte definición:**

**'Asegurar mediante un mecanismo ou instrumento apropiado a porta, ventá ou tampa dun recinto ou un obxecto**

- a) rabuñar
- b) pechar
- c) xulgar
- d) atraer

**62.- Elix a opción correcta**

- a) A falta de tempo engade un inimigo máis á nosa saúde cerebral.
- b) A falla de tempo engade un enemigo mais á nosa saúde cerebral.
- c) A falta de tempo engade un enemigo máis a nosa salú cerebral.
- d) A falla de tempo engade un inimigo mais a nosa saude cerebral.

**63.- Elix a opción correcta**

- a) Hai moito tempo que non lle teño medo a ninguén.
- b) Fai moito tempo que non lle teño medo a naide.
- c) Hai muito tempo que non téñolle medo a ninguén.
- d) Fai muito tempo que non téñolle medo a nadie.

**PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO (GRUPO IV) DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

**PLANTILLA DE RESPOSTAS:**

PREGUNTA	RESPOSTA CORRECTA
<b>Parte primeira</b>	
<b>Texto a)</b>	
1	C
2	B
3	D
4	A
5	C
6	D
7	B
8	D
9	D
10	B
11	C
12	A

13	D
14	A
15	B
<b>Texto b)</b>	
16	A
17	D
18	B
19	A
20	B
21	D
22	A
23	D
24	A
25	C
26	B
27	B
28	B
29	B
30	C
<b>Parte segunda</b>	
31	B
32	D
33	B
34	A
35	C
36	B
37	C
38	A
39	C
40	B
41	C
42	C
43	B
44	D
45	A
46	D
47	B
48	C
49	D
50	B
51	D
52	B
53	C
54	C
55	A
56	A
57	D

58	A
59	A
60	C
<b>RESERVA</b>	
61	B
62	A
63	A